

(Notas e Protocolo para unha vida “ordenada”)

De itinerarios, encontros, situacións e contextos, na procura de actitudes, aprendizaxes e experiencias que axuden a crear o noso mundo e a facilitar as nosas pretensións (ser periodistas, ser mediadores?) nesta sociedade “cruel”.-

Di Raquel Paiva que é importante exorcizar a violencia, a violencia do vivir e convivir, a violencia daqueles que pretenden a dominación, non só o poder. O periodismo, a mediación, é unha hipótese, tería esa función, esa misión. Esta lectura porén, nunha sociedade occidental cun rexime case común de democracia representativa sustentado nas liberdades formais (que non reais), non deixa de ter as súas paradoxas e, sendo o pensamento occidental unha particularidade dominante, teremos que facer maior propósito para seren inquisitivos para con il, pois a crítica de actitudes, a ideación de mundos, a exorcización da violencia, a mesma necesidade de ser curiosos e inquisitivos podería requerilo. En caso contrario, só hai que seguir a corrente e non protestar polos cambios que outros decidan por ti. Cousa que, de todas formas, farán. Pero que nos collan provistos.

Nesta materia tiñeron oportunidade de establecer itinerarios reglados, ter encontros, vivir experiencias, por tanto obter algunha aprendizaxe que ten que madurar aínda na súa cabeza e formar parte da súa memoria, se queren, profesional.

A proposta é converter a nosa cotidianidade, as nosas pautas de mirar nun xeito de ordear (sistematizar?) os noso obxectivos como persoas, como activadores, como periodistas. Mesmo recoller e asociar imaxes, conversas, escritas, que (in)conscientemente? reporten información e prácticas posibles, formas de proceder e de procedemento. Para aplicar nos traballos, problemas, conflitos, proxectos, que a mesma interrelación, senon o facemos xa por nós mesmos, nos presenta día a día.

Propomos, logo, comprender o contexto, a situación, e a dispor os encontros e itinerarios persoais. Un labor algo incesante, que require dunha práctica constante e para a que, xa vamos aprendidos ó través dos diferentes filtros e procesos sociais en tanto nos enfrontamos a cambios, transformacións, que se nos evidencian día a día. Só resta dálle un sentido. O de cada quen.

Entendemos por itinerarios os percorridos persoais, cotiás, reglados, no tránsito da cidade (por concretar un labirinto común) na que habitamos. E como a partires deles establecemos un orden no mundo e desprégase un mundo aparentemente asequible, cheo de espazos, situacións e sorpresas comúns e non tan comúns que confrontan coa “realidade”, coa comunidade, que levamos depositada como ser.

Doutra parte, entendamos encontros como os avistamentos, establecementos, comunicacións que relacionan a uns con outros (suxeitos e suxeitos, suxeitos e obxetos, suxeito e contexto) e toda a súa liturxia, apariencia, estratexias e tácticas e que fornecen, despistan ou obstaculizan os nosos itinerarios.

Ervin Goffman conceptualiza os encontros no marco do interaccionismo simbólico distinguindo tres elementos:

1. As persoas
2. A situación
3. As regras de interacción (cívico-legais, cirimoniais e relacionais)

No cotiá estas dimensións maniféstanse xeralmente dacordo ao esperado, con poucas sorpresas e rupturas. De nós depende que se convirtn en rutinarias ou que estimulen a vida. De Certeau en *A Invención do Cotiá / Artes de Facer* na irónica explicación das estratexias e das tácticas, da conta dos encontros en principio como repertorios tácticos, *mètis* (prudencia, consello, truco), como momentos oportunos (*kairos*), onde apréndese o xeito de safar, de apropiarse, de escoltar e ver, e de comprender. E de conformar unha estratexia ou, cando menos, de andar prevenidos ante situacións futuras semellantes.

O profesor Gómez-Mompart, a partires dun texto comentadísimo como é O Flâneur, interpreta a un novo observador, a un novo “comunicólogo”, a un xornalista, quizabes, e a súa mirada. Cre que “comunicólogo”, o noso xornalista talvez, é ise flâneur. Que aínda conserva o seu espírito liberal e ilustrado, extático, na procura dos restos que vai deixando o capitalismo (tecnoloxías, comida, mobles, prostitutas...nas esquiñas, nos calexóns, no lixo) para fornecer novos relatos “actuais” con historia. Xornalismo de suxeitos, focados, en ppp, que, ás veces, ocultos no sensibleiro, no victimal, non deixan ver o bosque, nin os verdadeiros actores e contextos. Estes zoom avanti-retro imposibles ó diálogo.

Unha pequena práctica (sobre a reflexividade).-

1.- identificar os itinerarios comúns tendo en conta o contexto, e o rol que se exerce. É común exemplificar o itinerario pensando en que un sae da casa e o seu obxectivo e volver, pero volver con algo ademáis do paso do tempo (reflexións, imaxes, a compra, cunha novela da biblioteca, uns apuntamentos das clases, cunha noiva ou cun noivo, cunha boa chea,...) Poden pensar nun día calquera destes últimos de traballos, onde se propuxeron culminar algunha tarefa da aula e ver o traxecto realizado, describindo o que tiraron finalmente da aprendizaxe. A esto lle chamamos reflexividade.

2.- un seguinte paso é identificar neses itinerarios os encontros habidos e que situacións se deron (con que persoas, con que actitudes, en que espazos) facer unha ficha dos encontros relevantes nese itinerario dun día.

3.- definir as situacións (que tipo de situación) Describir dentre os encontros a máis relevante, os roles, a confianza, a abordaxe, os datos, retrincos, imaxes que evoca e a que outras vivencias previas se asocia.

4.- o último banzo é se podemos tirar dilo unha experiencia que axude a idear, proxectar, a crear unha actitude que sirva no persoal, no profesional, á hora de xerar accións ou novos proxectos e contidos, a reglar as formas de convivir. No profesional sob de todo (que é o que nos interesa agora).

